

BASES DE ORGANIZACIÓN ANDAINA EN NEGRO

Organización

Organizan o Servizo de Deportes e a Piscina Municipal, no marco da campaña “Rianxo en Negro”, da Concellería de Benestar Social, Diversidade e Igualdade.

Saída

- Praza de Padrón (xunto a Rianxeira), no Paseo da Ribeira.
- 08:45 h. Control participantes e preparación material.
- 09:00 h. Saída da andaina desde o punto sinalado.

Percorrido

A andaina ten como protagonista o mar e á muller traballadora. O lugar de saída non é casual, a estatua da Rianxeira representa á nosa muller traballadora, fundamentalmente ligada ao mar:

- Ruta circular que transcorre polo Concello de Rianxo con saída e chegada no Paseo da Ribeira, fronte a estatua da Rianxeira. Iniciaremos a andaina dirixíndonos ao instituto. Unha vez alí continuaremos coa ruta ascendendo ata o Monte da Pena. O camiño continua entre as Lioiras hacia a parroquia de Asados. Iniciamos o regreso a Rianxo descendendo pola senda do Río Té, ata chegar o paseo marítimo, que nos levará ata o punto de inicio.
- Distancia: 17 km
- Dificultade: Media
- Tempo: 4 h. aprox.

Datos de Interese

- Custe: de balde.
- A actividade vai dirixida a tódolos públicos, maiores de 12 anos. Entre os 12 anos e os 16 anos deberán ir acompañados dun adulto.
- Non se poderá levar animais de compañía.
- A organización resérvase a facultade de decidir o aprazamento ou a suspensión da actividade no caso de que as condicións climatolóxicas se consideren adversas.